

## **A Cámara pon en marcha o proxecto Innovía**

### **25 empresas poderán implantar un software de xestión para mellorar a súa organización administrativa e comercial**

**Ferrol. 27/05/2009.** A Cámara de Comercio de Ferrol vai desenvolver o proxecto Innovía que permitirá a 25 pequenas e medianas empresas da súa demarcación racionalizar a súa xestión mediante unha ferramenta ofimática avanzada deseñada para mellorar a organización dos aspectos administrativos e comerciais.

Con este software, en soporte web, a xerencia dunha empresa poderá coñecer en tempo real cal é o estado dos proxectos da súa compañía, quen é o seu responsable, cales son as tarefas pendentes ou cales están fóra de prazo.

Ademais, facilita o traballo colaborativo do persoal, axuda a racionalizar o aproveitamento do espazo físico e optimiza a xestión do coñecemento da empresa mediante aplicacións intuitivas e fáciles de usar: xestor de proxectos, tarefas, calendario, servizo de alertas, mensaxes e arquivos. Tamén permite aos diferentes usuarios traballar sobre un mesmo texto e comparar as diferentes versións.

Innovía desenvolverase en tres fases. A primeira dedicarase á identificación de procesos e recursos da empresa e a segunda a deseñar un plan de adaptación, segundo as necesidades específicas das firmas adheridas. Finalmente, procederase á implantación e á formación do persoal.

Esta iniciativa está cofinanciada polo IGAPE no marco do Programa Innoempresa cuxo obxectivo principal é apoiar a mellora competitiva das pemes galegas a través de proxectos, como Innovía, que promovan a innovación organizativa e a xestión avanzada, a innovación tecnolóxica ou a innovación en colaboración.

As firmas interesadas en participar neste proxecto unicamente deberán financiar o aloxamento web. Para máis información as empresas interesadas poden dirixirse, antes do 15 de xuño, ao teléfono 981 333165 ou ao enderezo electrónico [scompresas@camaraferrol.org](mailto:scompresas@camaraferrol.org).

